



## Portomarín acolleu un ano máis a Festa da Caza de Lugo

O pasado 30 de maio tiña lugar a décimo sexta edición da Festa da Caza de Lugo, que se celebra cada ano o derradeiro domingo de maio. Portomarín acollía unha vez máis esta festa que reúne os Campionatos Provinciais de varias modalidades nun só día.

### José Manuel Yáñez Castro é o novo Campián Provincial de Cans de Rastro de Xabaril

Na modalidade de Rastro de Xabaril celebrábase o XII Campionato Provincial, onde o gañador da proba era Álvaro Fontenla Filgueira con “Terco”, da provincia de Pontevedra. O segundo clasificado era José Manuel Yáñez Castro con “Ron”, primeiro participante da provincia de Lugo e polo tanto Campián Provincial da mesma. O terceiro posto era para Rafael Sante Riopedre con “Tizón”, tamén da provincia de Lugo.



CAMPIONATO PROVINCIAL DE RASTRO DE XABARIL			
Pos	Participante	Can (Raza/Sexo)	Puntos
1º	José Manuel Yáñez Castro	Ron	
2º	Rafael Sante Riopedre	Tizón	
3º	Juan Fernández Vecino	Luna	
4º	Alejandro Rio Campos	Zar	
5º	Albano Pérez Labayén	Sena	

### René Vale García, con “Top”, gaña o Campionato Provincial de San Huberto

Na modalidade de San Huberto celebrábase o XV Campionato Provincial onde o gañador absoluto da proba era René Vale García con “Top” (SIM), quen se proclamaba Campián Provincial. O segundo clasificado na proba era Rubén Boquete Varela con “Acio” (SIM), da provincia de A Coruña. Terceiro foi Andrés Pena Vázquez con “Rambo” (SIM), segundo clasificado provincial.



CAMPIONATO PROVINCIAL DE SAN HUBERTO		
Pos	Participante	Can (Raza/Sexo)
1º	René Vale García	Top Du Val D'Eautan (SIM)
2º	Andrés Pena Vázquez	Rambo de Bosende (SIM)
3º	Eduardo Blanco Mejuto	Marqués (PM)
4º	José Ignacio Pérez Pérez	Zar (PM)
5º	Manuel Ángel Varela Sar	Cúper (Perdiguero)

## Andrés Pena Vázquez, con “Rambo”, gaña o XXII Trofeo Cidade de Lugo de Caza Práctica

Na modalidade de Caza Práctica celebrábase o XXII Trofeo Cidade de Lugo, proba puntuable para a Copa Galicia da modalidade. O gañador da proba era Andrés Pena Vázquez, da provincia de Lugo, co seu can “Rambo de Bosende” que acadaba un Excelente. Segundo clasificado era o participante da provincia da Coruña José Sanmartín Pérez con “Ja da Chousa” cunha calificación de “Moi bo”. O terceiro posto era para Antonio Vilar Vigo, tamén da provincia da Coruña, quen con “Nei da Chousa” acadaba unha calificación de “Moi bo”



TROFEO CIDADE DE LUGO DE CAZA PRÁCTICA		
Pos	Participante	Can (Raza/Sexo)
1º	Andrés Pena Vázquez	Rambo de Bosende
2º	José Sanmartín Pérez	Ja da Chousa
3º	Antonio Vilar Vigo	Nei da Chousa
4º	Lorenzo Pazos	Maco
5º	Antonio Vilar Vigo	Atos da Chousa

## Manuel Villar Arroyo proclámase Campión Provincial de Percorridos de Caza

Na modalidade de Percorridos de Caza disputábase o XV Campionato Provincial, que se disputaba sobre 100 pratos. O gañador absoluto da proba era José Antonio Vasconcellos Vicente, da provincia de Pontevedra, que escachaba 88 pratos. O segundo posto era para Roberto Rodríguez Fernández, tamén da provincia de Pontevedra que escachaba 88 pratos. Terceiro clasificado e primero da provincia era Manuel Villar Arroyo, que remataba a proba con 86 pratos escachados.

Na categoría de damas a gañadora da proba era Josefa Mariño Estévez, da provincia de Pontevedra que escachaba 54 pratos; en veteranos gañaba Emilio José López Mosquera, con 76 pratos escachados.



CAMPIONATO PROVINCIAL DE PERCORRIDOS DE CAZA		
Pos	Participante	Pratos escachados
1º	Manuel Villar Arroyo	86
2º	José González Yáñez	76